

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO COMITÉ ÉTICA DA
DEPUTACIÓN DE OURENSE CELEBRADA O DÍA VINTECINCO DE
NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	
REGISTRO XERAL	
6 NOV 2015	
N.º ENTRADA 34660	N.º SAIDA

Sendo as 16.30 horas do día 25 de novembro de 2015, reúnen-se na sala de xuntas da Deputación de Ourense os membros do Comité de Ética da Deputación de Ourense, a saber D. MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ TRIGÁS, D. ANTONIO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ e D. ENRIQUE JOSÉ VARELA ÁLVAREZ como secretario accidental, comparecendo xa iniciada a sesión D. JESÚS BLANCO GIRÓ.

Dase inicio á sesión extraordinaria do Comité de Ética da Deputación de Ourense, convocada en data de 10 de novembro de 2015.


En relación ao punto un da orde do día, dase lectura e aprobación, por asentemento, da acta da sesión anterior, e do anexo aportado por D. Enrique José Varela Álvarez, que deberá formar parte da mesma.

En canto ao punto dous da orde do día, e en relación á resposta do Sr. Presidente DEPOU á solicitude do Comité de Ética, faise a lectura do escrito aportado polo Presidente da Deputación (que se adxunta á acta), e procédese a realizar un amplo debate, que se recolle a continuación:

1. O debate ten a súa orixe na admisión a trámite por parte deste Comité da petición de información formulada polo Grupo do PSdeG-PSOE na DEPOU, e que para este Comité ten carácter de denuncia, verbo dos feitos mencionados.
2. Tendo respondido dentro do prazo, analízase a resposta na presente reunión. Nela queda constancia do feito de que a solicitude da resposta tería que ser áxil e convintemente razoada, de acordo ao artigo 9 do Código Ético; o propio Comité reclama expresamente "a maior claridade nas súas respostas".
3. Leído e analizado o escrito aportado polo Sr. Presidente da Deputación, o Comité de Ética non considera satisfactorias esas respostas que adoptan un contido xurídico e político, ao que o Comité é alleo, posto que non no lle



corresponde aplicar sancións, senón calificar conductas. En todo caso, os membros do Comité non poden ser alleos ao alcance social e mediático producido polo feitos obxecto do debate, e que perxudican gravemente a imaxe do Sr. Presidente e da institución provincial, o que non ten nada que ver coa presunción de inocencia que atinxe ao denunciado, como a calquer cidadán.

- 
- 
- 
4. Neste senso, o Comité de Ética reclamaba unha resposta clara e contundente, que posiblemente sería axeitado que se dera nun ámbito político e non neste Comité. A resposta fai que o Comité non poda pronunciarse xa que, defendéndose, non admite pero tampouco nega a realidade dos feitos.
 5. En relación cos denunciante, este escrito presentado non se formula como unha denuncia formal, aínda que este Comité dalle ese tratamento. O Comité considera que o seu papel é dar curso das denuncias sobre comportamentos éticos durante toda a lexislatura. Porén o Comité xa tiña previsto elaborar un informe anual sobre o seu funcionamento e liñas de mellora, que sería entregado a tódolos representantes políticos e sindicais da Deputación Provincial.
 6. O Comité de Ética quere facer constar como súas as consideracións que D. Enrique J. Varela Álvarez, expresou na xuntaza anterior, que aparecen no anexo á acta aprobada nesta reunión. Neste senso, e en relación ao punto 2 deste anexo ("Propuestas al Comité de Ética y conclusiones sobre el INFORME"), o Comité de Ética asume como propia a proposta número 3 de "ELABORAR, EN EL MARCO DEL INFORME ANUAL DEL COMITÉ, UNA PROPUESTA DE RELEGITIMACIÓN DEL CÓDIGO ÉTICO Y DEL COMITÉ DE ÉTICA, COMO BASE DE LA POLÍTICA DE TRANSPARENCIA DE LA DEPUTACIÓN DE OURENSE".
 7. En relación a esta última consideración, o Comité de Ética reunido en Ourense o día 25 de novembro de 2015, por unanimidade, expón a súa convicción da inoperancia do Comité de Ética, verbo do procedemento que estamos a debater. En consecuencia os catro membros asistentes presentan a súa renuncia ou dimisión deste Comité, solicitando que se de conta desta decisión dun xeito simultáneo á propia Deputación de Ourense, ao denunciante e denunciado, así como ás respectivas institucións que os


propuxeron (Universidade de Vigo, Colexio de Avogados de Ourense, Transparencia Internacional, e Colexio de Secretarios e Interventores da Administración Local de Ourense).

8. Para rematar, os membros do Comité de Ética, unha vez que se de traslado as persoas e organismos mencionados no apartado anterior, instan a que se fagan públicas as súas consideracións e os antecedentes (denuncia e resposta).
9. Dada a dimisión presentada polos membros do Comité de Ética, estes resolven redactar e aprobar o acta nesta mesma sesión.

En Ourense a 25 de novembro de 2015, asinado por




D. MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ
TRIGÁS



D. ANTONIO GONZÁLEZ
FERNÁNDEZ

D. ENRIQUE JOSÉ VARELA
ÁLVAREZ



D. JESÚS BLANCO GIRÓ

